


FONTES E LAVADOIROS

- F01 Lavadoiro da Devesa
- F02 Fonte de Reiriz
- F03 Fonte de Guxilde
- F04 Fonte de Fontegrande
- F05 Fonte Zaforra



ESTADO ACTUAL.

No conxunto do patrimonio etnográfico, as fontes teñen un gran interese non só polo seu valor patrimonial senón tamén polo seu valor social e cultural. A auga é un ben comunitario esencial na vida cotiá que dende a antigüidade é imprescindible para a vida, polo seu uso nas tarefas domésticas e de produción agrícola, así como xeradora da forza motriz para a transformación das materias primas. A ausencia de tecnoloxía que permitise levar a auga ate os fogares como existe na actualidade, facía que a proximidade aos fogares dunha fonte ou lavadoiro fose moi valorado. Na parroquia de Bora existen 25 fontes e lavadoiros en diferente estado de conservación, uns con mais valor patrimonial que outros, ou con maior ou menor uso, pero que merecen ser conservados de igual maneira pola súa importancia social.

PROPOSTA.

Plantéxase unha intervención individual para cada fonte ou lavadoiro, na cal, dependendo de cada caso se realizarán diferentes actuacións: limpeza exterior, cambio do caño, limpeza do depósito, consolidación da estrutura ou do pío no caso dos lavadoiros, arranxo ou substitución do teito en lavadoiros.